



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases do I Concurso Escolar Poesía do Revés

ANUNCIO

Aprobáronse as Bases do I Concurso Escolar Poesía do Revés pola resolución de Alcaldía núm. 774/2025 con data do 17/03/2025 que deseguido se transcriben:

BASES DO I CONCURSO ESCOLAR POESÍA DO REVÉS

O Concello de Carballo é consciente de que a poesía é un xénero literario fundamental para a expresión humana, dado que facilita a transmisión de emocións, reflexións persoais... e que permite conectar con outras persoas a un nivel máis profundo. Destes beneficios tamén se poden aproveitar os nenos e nenas e a mocidade, porque lles proporciona un sentido do ritmo e da musicalidade que os/as axuda a familiarizarse coas estruturas da linguaxe. Se por enriba se usa o galego como lingua da poesía, estarase a desenvolver unha acción de normalización lingüística e, ademais, en colaboración con outros colectivos, neste caso cos centros escolares.

OBXECTO

É obxecto deste concurso premiar as mellores poesías en galego compostas por alumnado de centros escolares de primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos.

OBXECTIVOS

- Contribuír ao desenvolvemento e promoción da poesía en galego no ámbito escolar.
- Aumentar a competencia lingüística da infancia e mocidade a través da poesía.
- Coadxugar na adquisición de actitudes lingüísticas favorables ao galego na infancia e mocidade.
- Fomentar o uso prioritario do galego na poesía, especialmente entre a infancia e mocidade.
- Promover a interacción entre os centros educativos e o Concello para facer máis rendibles os recursos e os esforzos dos dous ámbitos a prol da normalización da lingua galega.
- Impulsar a imaxinación, o pensamento analítico e o talento creativo.
- Axudar no descubrimento de novos talentos infantís e xuvenís.

PARTICIPANTES

Poderá participar o alumnado dos centros escolares de primaria, secundaria, ciclos formativos e bacharelato do concello de Carballo.

INSCRICIÓN E PRAZO

Os centros escolares que desexen participar neste concurso deberán presentar as súas solicitudes de participación xunto coas súas composicións poéticas preferentemente por vía electrónica e opcionalmente, de maneira presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, dentro do prazo que comezará ao día seguinte da publicación da convocatoria deste concurso no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* a través da BDNS e que rematará o 11.04.2025.

REQUISITOS

Para participar neste concurso, as poesías deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Estar escritas no idioma galego.
2. Ser orixinais e de temática libre.
3. Ter unha extensión máxima de 30 versos.
4. Incluír un título, o nome do autor/a e do centro e o curso en que estea matriculado/a.

PREMIOS

Establécense tres categorías, dotadas cos seguintes premios

Categoría	Primeiro premio	Segundo premio	Terceiro premio
Primaria	Vale de 350 €	Vale de 250 €	Vale de 200 €
Secundaria	Vale de 350 €	Vale de 250 €	Vale de 200 €
Ciclos formativos e bacharelato	Vale de 350 €	Vale de 250 €	Vale de 200 €

Outorgarase un accésit dun vale de 100 € para a obra que mellor reflicta algún aspecto propio de Carballo.

Estes vales que se entregarán como regalo serán para gastar nunha librería específica do termo municipal de Carballo terán unha validez de 6 meses. No gasto do vale incluíranse totalmente materiais, libros, etc. que utilicen o galego nos seus textos, de os ter.

Non poderá recaer máis dun premio na mesma persoa.

A dotación total dos premios ascende a 2500,00 € para os que existe consignación suficiente con cargo á partida orzamentaria 3341/48100 premios, certames de normalización lingüística, do presuposto municipal vixente.

XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado con voz e voto estará formado por tres persoas relacionadas coa mocidade, coa cultura e co traballo en normalización lingüística.

O xurado valorará os seguintes criterios:

1. A calidade lingüística
2. O ritmo
3. A organización dos versos no texto
4. Os recursos literarios
5. A orixinalidade
6. A capacidade de innovar na forma e no contido
7. O impacto global

O xurado poderá declarar deserto algún/s premio/s se así o considera axeitado.

Non se poderá recorrer contra a decisión do xurado e a súa escolla comunicarase nun acto público celebrado en conmemoración do Día do Libro o día 23 de abril. Neste acto o alumnado premiado deberá asistir el ou unha persoa representante e ler as súas composicións en público antes da recollida dos premios.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases, así como a decisión inapelable do xurado. O non cumprimento delas desencadeará a exclusión e non participación no concurso.

A organización estará facultada para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas e terá así mesmo capacidade de interpretación a cantos efectos procedan.

OUTRAS DETERMINACIÓNS

1. A participación no concurso tamén implica cederlle ao Concello de Carballo os dereitos de difusión e/ou publicación das súas composicións para divulgalas e para promover futuras edicións, en cuxo caso os dereito de autor entenderanse incluídos na dotación económica do premio.

2. No caso de incumprimento da legalidade por parte dalgunha das persoas participantes, o Concello de Carballo poderá emprender as accións que determine oportunas.

3. A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.

PROTECCIÓN DE DATOS

En conformidade co disposto na actual normativa de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Carballo é o responsable do tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste certame, cuxa finalidade é poder xestionar as solicitudes de participación no concurso. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigación legal.

As persoas participantes teñen dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. Para iso, o Concello de Carballo dispón de formularios específicos. Estas persoas poden presentar a súa propia solicitude ou pedir os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade en Praza do Concello s/n, 15100 Carballo (A Coruña); Poden consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos solicitándoa a través do correo electrónico dpd@carballo.gal.

Carballo, 17 de marzo de 2025

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2025/1727